



CONCELLO DE POIO

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, NÚMERO TRESCENTOS NOVENTA E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA CINCO DE XULLO DE DOUS MIL SETE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día cinco de xullo de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs. Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. María Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. María Celeste Nieto García, D. Ángel Moldes Martínez, María Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel Angel Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusan a non asistencia o concelleiro D. Alberto Villaverde Méndez e a Interventoría D^a. Olga Fernández Rodríguez; asiste como Secretario Provisional D. Jacobo Barreiro Pimentel, reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

2994.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DE DATA 16 DE XUÑO DE 2007.- Dáse conta da acta anterior de data do 16 de xuño de 2007, solicitándose as seguintes correccións:

Polo Sr. Domínguez Lino, na páxina 3 onde di "tivemos o 33,3 % dos votos" debe dicir: "tivemos o 39,3% dos votos".

A Sra. Besada Lores solicita que se inclua en acta ao comezo da súa intervención saúdos e parabéns para os compañeiros da corporación.

Sometida a votación e previa ratificación das correccións expostas esta quedou aprobada por unanimidade.

2995.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de 2 de xullo de 2007, de conformidade co disposto no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986 e artigo 4.a) do Regulamento Orgánico Municipal e vistas as propostas dos distintos Grupos Políticos, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello que se celebren as sesións ordinarias do

Pleno unha vez ao mes, coincidindo co último martes, excepto o do mes de agosto que non se propón pleno ordinario; propoñéndose que a hora sexa ás 19 horas e 30 minutos (7,30 da tarde); se coincidira en día festivo trasladarase ao día seguinte hábil á mesma hora; propoñéndose igualmente que as funcións de control que corresponden ao Pleno se realicen ao remate de cada Pleno no capítulo de Rogos, Preguntas e Interpelacións, conforme ao artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal. A Corporación por unanimidade acordou aprobar dita proposta.

2996.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de 2 de xullo de 2007, na que de conformidade co disposto no artigo 212 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 22 do Regulamento Orgánico municipal e vistas as propostas dos grupos políticos, propón a seguinte periodicidade das sesións ordinarias, da Comisión Municipal de Urbanismo: todos os martes de cada semana ás oito horas (8,00), Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas: realizarase o terceiro martes de cada mes ás trece horas e quince minutos (13,15 da tarde), Comisión Municipal de Educación, Cultura e Deportes, realizarase o segundo luns do mes ás oito horas (8,00 da mañá) e Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio realizaranse as sesións o último martes de cada mes ás nove horas(9,00 da mañá). A Corporación por unanimidade acordou aprobar dita proposta.

2997.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS 5 COLEXIOS E IES DE POIO.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de 2 de xullo de 2007, na que de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, propónse ao Pleno o nomeamento como representante do Concello nos cinco Consellos Escolares de Educación Primaria e Consello Escolar do IES de Poio a D^a. María Luz Senra Lorenzo e como representante suplente a D/D^a. Silvia Díaz Iglesias.

A corporación por unanimidade acordou aprobar dita proposta.

2998- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO ADR PRODER II, MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de 2 de xullo de 2007, na que de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, propónse ao Pleno o nomeamento como representantes titulares na Mancomunidade Terras de Pontevedra a D. Luciano Sobral Fernández e a D. Xosé Luis

Martínez Blanco.

Igualmente dáse conta da proposta da Alcaldía de 2 de xullo, na que de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, proponse ao Pleno o nomeamento como representante titular na Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II a D. Luciano Sobral Fernández que terá a condición de Vicepresidente 2º e como representante suplente a Dª. María Luz Senra Lorenzo.

A corporación por unanimidade acordou aprobar dita proposta.

2999.- PROPOSTA DOS GRUPOS POLÍTICOS DE NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL, CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER E CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de 2 de xullo de 2007, na que De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 e o disposto nos Regulamentos Municipais e vistas as propostas dos tres Grupos Políticos, esta Alcaldía propón a aprobación dos representantes propostos no Consello de Participación Veciñal, no Consello Municipal da Muller e no Consello de Cultura; a Corporación por unanimidade acordou aprobar os seguintes representantes:

Representantes do B.N.G: Consello de Participación Veciñal: Titular: D. Francisco Piñeiro Murillo e como Suplente: D. Xulio Barreiro Lubián; Consello Municipal da Muller: Titular Dª. Silvia Díaz Iglesias e como Suplente Dª. María Luz Senra Lorenzo; Consello Municipal de Cultura D. Miguel Anxo Pazos Barros e como Suplente Dª. Silvia Díaz Iglesias.

Representantes do P.P: Consello de Participación Veciñal: Titular D. Ángel Moldes Martínez e como suplente D. Manuel Domínguez Álvarez; Consello Municipal da Muller: Titular Dª. María Irene Ligerio Iglesias e como suplente Dª. María Celeste Nieto García; Consello Municipal de Cultura: Titular D. Miguel Angel Martínez Nacemento e como suplente D. Alberto Villaverde Méndez.

Representantes do P.S.O.E: Consello de Participación Veciñal: Titular Dª. María Consuelo Besada Lores e como suplente: Dª. Rosa Fernández González; Consello Municipal da Muller: Titular Dª. Consuelo Besada Lores e como suplente: Gregorio Luis Agís Gómez; Consello Municipal de Cultura: Titular: D. Gregorio Luis Agís Gómez e como suplente: Dª. Rosa Fernández González.

3000.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 2 de xullo de 2007, na que estando constituída polo Pleno do día 19 de setembro de 1995, a Mesa de Contratación, con carácter provisional, ata que se ditara o regulamento de

desenvolvemento da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas, e téndose constituída a nova Corporación **PROPONSE** ao Pleno a composición da Mesa de Contratación cos seguintes membros:

Presidente Sr. Alcalde ou concelleiro que o substitúa.

Vogais Secretario Xeral

Interventora Municipal

Enxeñeiro Municipal, podendo substituílo o Aparellador e/ou a Arquitecta Municipal.

Un Concelleiro de cada un dos Grupos Políticos.

Secretaria: Xefa do Negociado de Contratación

Ao amparo do establecido no artigo 81 do TRLCAP e artigo 79 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, tendo todos os seus membros voz e voto e sendo obrigatoria a composición da mesa para a adxudicación dos contratos con procedemento aberto ou restrinxido, para contías superiores a 60.101,21 € para contratos de obras e 30.050,61 € para contratos de subministracións, consultoría e asistencia técnica e de servizos.

A corporación por unanimidade acordou aprobar a devandita proposta e designar como representantes de cada grupo político aos que seguen:

Representante do B.N.G.: Titular D. Francisco Piñeiro Murillo e como suplente D. Xulio Barreiro Lubián.

Representante do P.P.: Titular D. Javier Domínguez Lino e como suplente D^a. Celeste Nieto García.

Representante do P.S.O.E.: Titular D^a. María Consuelo Besada Lores e como suplente D. Gregorio Luís Agís Gómez.

3001.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 2 de xullo de 2007, na que de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 e o disposto nos Regulamentos Municipais e vistas as propostas dos tres Grupos Políticos, esta Alcaldía propón a aprobación dos representantes propostos que formarán parte das distintas Comisións Informativas Permanentes; a Corporación por unanimidade acordou aprobar os seguintes representantes:

Representantes do B.N.G.: Comisión Municipal de Urbanismo: Titulares D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D. Xulio Barreiro Lubián e D. Miguel Anxo Pazos Barros e como suplentes: resto de concelleiros do grupo municipal do B.N.G.; Comisión de Educación, Cultura e Deportes: Titulares D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. María Luz Senra Lorenzo, D. Miguel Anxo Pazos Barros e D^a. Silvia Díaz Iglesias e como suplentes: resto de concelleiros do grupo municipal do B.N.G.; Comisión Municipal de Facenda,

Gobernación e Contas: Titulares: D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. María Luz Senra Lorenzo, D. Miguel Anxo Pazos Barros e D. Francisco Piñeiro Murillo e como suplentes: resto de concelleiros do grupo municipal do B.N.G.; Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio: Titulares: D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D. Xulio Barreiro Lubián e D. Miguel Anxo Pazos Barros e como suplentes: resto de concelleiros do grupo municipal do B.N.G.

Representantes do P.P.: Comisión Municipal de Urbanismo: Titulares D^a. Celeste Nieto García, D^a. Irene Ligerio Iglesias, D. Manuel Domínguez Álvarez e D. Alberto Villaverde Méndez e como suplentes: D. Angel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento e D. Javier Domínguez Lino; Comisión de Educación, Cultura e Deportes: Titulares D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Alberto Villaverde Méndez e D^a. Irene Ligerio Iglesias e como suplentes: D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Celeste Nieto García e D. Javier Domínguez Lino; Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas: Titulares: D. Javier Domínguez Lino, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Ángel Moldes Martínez e D. Manuel Domínguez Álvarez e como suplentes: D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez e D^a. Irene Ligerio Iglesias; Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio: Titulares: D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Ángel Moldes Martínez, D^a. Celeste Nieto García e D. Javier Domínguez Lino e como suplentes: D. Alberto Villaverde Méndez, D. Manuel Domínguez Álvarez e D^a. Irene Ligerio Iglesias.

Representantes do P.S.O.E.: Comisión Municipal de Urbanismo: Titulares D. Gregorio Luis Agís Gómez e D^a. María Consuelo Besada Lores e como suplente: D^a. Rosa Fernández González; Comisión de Educación, Cultura e Deportes: Titulares D. Gregorio Luis Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González e como suplente: D^a. María Consuelo Besada Lores; Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas: Titulares: D. Gregorio Luis Agís Gómez e D^a. María Consuelo Besada Lores e como suplente: D^a. Rosa Fernández González; Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio: Titulares: D. Gregorio Luis Agís Gómez e D^a. María Consuelo Besada Lores e como suplente: D^a. Rosa Fernández González.

3002.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DOS SEUS VOCEIROS E SUPLENTES.- Dáse conta das distintas propostas presentadas polos grupos políticos e de conformidade co disposto nos artigos 25 do RD. 2568/1986, que aproba o Regulamento das Entidades Locais e 75 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dáse conta á Corporación que, segundo escritos presentados quedan constituídos os seguintes Grupos Políticos:

Grupo Político do BNG, integrado polos sete

concelleiros e actuando como voceiro D. Xulio Barreiro Lubián e como voceiro suplente D. Xosé Luis Martínez Blanco.

Grupo Político do P.P. integrado polos sete concelleiros e actuando como voceiro D. Javier Domínguez Lino e como voceira suplente D^a. Celeste Nieto García.

Grupo Político do PsdeG-PSOE integrado polos tres concelleiros e actuando como voceira D^a. María Consuelo Besada Lores e como voceiro suplente D. Gregorio Luis Agís Gómez.

A corporación dáse por informada.

3003.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE, PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES, DELEGACIÓNS ESPECIAIS E DAS PRESIDENCIAS DOS CONSELLOS MUNICIPAIS DA MULLER E CULTURA.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía creando a Xunta de Goberno Local: "De conformidade co disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e segundo a modificación introducida polo artigo 1 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local (B.O.E. do 17 de decembro de 2003), 52, 53 e 112 do R.O.F e R.J. das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, (modificación pola entrada en vigor da Lei 57/2003) e 15 e 16 do Regulamento orgánico municipal, resolvo crear a Xunta de Goberno Local, que terá as atribucións que lle asigne a lexislación e as que corresponden a esta Alcaldía consonte ao artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro), que sexan susceptibles de delegación, incluídas as do parágrafo 1 j) do devandito artigo, as correspondentes ao artigo 24 do RDLex, 781/1989, do 18 de abril, do texto refundido de réxime local que sexan delegables, así como as sinaladas no artigo 16 do regulamento orgánico municipal, realizándose as sesións ordinarias todos os luns ás dezanove horas e trinta minutos (7,30) agás nos meses de xullo e agosto que serán todos os luns pola mañá ás trece horas e trinta minutos (1,30 da tarde), designando, como membros da mesma, ademais do Sr. Alcalde aos concelleiros seguintes: D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Xulio Barreiro Lubián, D. Gregorio Luis Agís Gómez, D^a. María Luz Senra Lorenzo e D. Xosé Luis Martínez Blanco."

O Sr. Alcalde aclara que rectificará o decreto da periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local establecéndose a periodicidade todos os luns as 19.30 munitos, agás nos meses de xullo e agosto que se realizarán os luns ás 13.00 horas (1,00 da tarde).

Con data 21 de xuño de 2007, o Sr. Alcalde ditou decreto da designación dos Tenentes de Alcalde: "De conformidade co disposto nos artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, do artigo 62 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e do

artigo 46.1 do ROF e RJ , das entidades locais, veño a designar como Tenentes de Alcalde, que me substitúan nos casos de ausencia, vacante ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións:

Primeira Tenente de Alcalde: D^a. María Consuelo Besada Lores

Segundo Tenente de Alcalde: D. Xulio Barreiro Lubián.

Terceiro Tenente de Alcalde: Gregorio Luís Agís Gómez.

Cuarta Tenente de Alcalde: D^a. María Luz Senra Lorenzo.

Quinto Tenente de Alcalde: D. Xosé Luís Martínez Blanco. "

Con data 2 de xullo de 2007, o Sr. Alcalde ditou decreto da designación das Presidencias das Comisións Informativas Permanentes: "De conformidade co disposto no artigo 125 do ROF e RJ das Entidades Locais e artigo 21 do Regulamento Orgánico Municipal, esta Alcaldía vén en designar como Presidentes das Comisións Informativas Permanentes aos seguintes membros cada unha delas:

Comisión Municipal de Urbanismo.- D. Francisco Piñeiro Murillo

Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas.- D. Xulio Barreiro Lubián.

Comisión Municipal de Educación, Cultura e Deportes.- D. Xosé Luis Martínez Blanco.

Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio.- D. Xosé Luis Martínez Blanco."

Igualmente, por decreto da alcaldía de data 2 de xullo de 2007 establecéronse as seguintes delegacións: "De conformidade co disposto nos artigos 43, 44, 114 a 118 do ROF e RJ das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, e artigo 23.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, veño en nomear como Delegados Especiais, para a dirección interna e xestión dos servizos correspondentes, aos concelleiros seguintes:

- 1) D. XULIO BARREIRO LUBIÁN
Delegado de urbanismo
Instrutor de expediente de infraccións urbanísticas.
- 2) D^a. MARÍA LUZ SENRA LORENZO
Delegada de Educación
Delegada de Sanidade, Consumo e Mercados
- 3) D. XOSÉ LUIS MARTÍNEZ BLANCO
Delegado de Turismo e Festexos

- 4) D. SILVIA DÍAZ IGLESIAS
Delegada de Cultura
- 5) D. FRANCISCO PIÑEIRO MURILLO
Delegado de Seguridade Cidadán
- 6) D. MIGUEL ANXO PAZOS BARROS
Delegado de Deportes
- 7) D^a. MARÍA CONSUELO BESADA LORES
Delegada de Persoal
Delegada de Obras e Servizos
Delegada de Pesca e Marisqueo
- 8) D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ
Delegado de Medio Ambiente
Delegado de Desenvolvemento Local
- 9) D^a. ROSA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
Delegada de Benestar Social e Igualdade
Delegada de Xuventude"

Con data 2 de xullo de 2007 o Sr. Alcalde ditou creto establecendo as presidencias dos Consellos Municipais: "De conformidade co disposto nos artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 43, 44 e 114 a 118 do ROF e RJ das entidades locais, do 28 de novembro, así como o previsto nos regulamentos municipais, esta Alcaldía delega permanentemente a Presidencia do Consello Municipal da Muller na Concelleira D^a. Rosa Fernández González; presidencia do Consello Municipal de Cultura na Concelleira D^a. Silvia Díaz Iglesias e a presidencia do Consello Escolar Municipal á Concelleira D^a. Luz Senra Lorenzo."

A Corporación dáse por informada.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte hora e cinco minutos, da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretario, dou fe.